

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 10 de setembro de dous mil vinte catro.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Mos, ás 8:30 horas, constitúese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto, de contrato administrativo de obras de “MUROS DE CONTENCION, CAMIÑO DA MILLARA, PARROQUIA DE TAMEIGA E CAMIÑO DA MURALLA, PARROQUIA DE PEREIRAS” por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, integrada por Dna. Nidia M^a Arévalo Gómez como Presidenta, D. José Ramilo Hermida, Concelleiro delegado de urbanismo, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e asegurando a súa actuación por medios electrónicos Dna. M^a Jesús Piñeiro Bello, Interventora municipal, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

Todas as empresas presentaron proposición en prazo para os dous lotes e foron as seguintes:

- | | |
|--|------------------|
| - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA). | 02-09-2024 15:57 |
| - NAROM S.L. | 02-09-2024 20:28 |
| - CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. | 02-09-2024 16:57 |

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación procede e á apertura do arquivo electrónico Arquivo I, e en primeiro lugar que as declaracións responsables son correctas e que conteñen tódalas manifestacións esixidas ás persoas licitadoras que concorreron, en forma e prazo, á licitación convocada.

En primeiro lugar procédese á apertura do arquivo correspondente ao **Lote nº 1**, Camiño da Millara, Parroquia de Tameiga:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- NAROM S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L

A Mesa comproba se a documentación administrativa presentada e incluída neste arquivo é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas conforme ao modelo de declaración responsable do formulario de documento europeo único de contratación (DEUC). A Mesa comproba a presentación do citado documento e acorda admitir a todas as ofertas presentadas

En segundo lugar, procédese á apertura do arquivo correspondente ao **Lote nº 2**, Camiño da Muralla, Parroquia de Pereiras:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- NAROM S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L



A Mesa comproba se a documentación administrativa presentada e incluída neste arquivo é correcta e contén tódalas manifestacións esixidas conforme ao modelo de declaración responsable do formulario de documento europeo único de contratación (DEUC). A Mesa comproba a presentación do citado documento e acorda admitir a todas as ofertas presentadas

En consecuencia, de acordo coa cláusula 17.1.3 dos PCAP, procede á comprobación da documentación que debe ser valorada conforme aos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (*Memoria descriptiva do proceso de execución, Programa de Traballo, Programa de seguridade e Plan de control de calidade*), tamén incluída no arquivo I e acorda remitir a documentación ao Servizos técnicos municipais, para que procedan á valoración desta documentación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor.

TERCEIRO.- O acto público de apertura do arquivo II será o luns 16 de setembro ás 9:00 horas.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 8:45 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura do Presidente; dou fe.

